



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Unha das seguintes frases non se corresponde co significado correcto de "estragar". Sináleala:

- A) Cambiar para peor
- B) Facer mal uso de algo
- C) Facer pasar algo desde a boca, a través do esófago, ata o estómago
- D) Non tirar de todo o proveito que pode dar unha cousa

2. Instrumento sanitario que consta dun tubo, dentro do que escorrega un émbolo, e que vale, a modo de bomba, para extraer líquidos do organismo ou para inxectalos, se se lle aplica unha agulla oca:

- A) Xeriga
- B) Seringa
- C) Xiringa
- D) Siriga

3. Respecto do xénero, sinale a opción incorrecta:

- A) A árbore
- B) A sangue
- C) O costume
- D) O mel

4. Das seguintes, sinale a palabra que está escrita correctamente:

- A) Movilidade
- B) Riveira
- C) Sobordar
- D) Crabar

5. Indique cal das seguintes non é sinónimo de "agarimo":

- A) Labazada
- B) Aloumiño
- C) Amparo
- D) Abeiro

6. Sinale cal é a frase que está escrita correctamente:

- A) Ese médico sanoute e nada te pedíu a cambio
- B) Ese médico sandoute e nada che pediu a cambio
- C) Ese médico te sandou e nada pediute a cambio
- D) Ese médico te sanou e nada pediuche a cambio

7. Indique cal das seguintes asociacións singular-plural é correcta:

- A) Fiel-Fieles
- B) Xirasol-Xirasois
- C) Ruín-Ruíis
- D) Cartafol-Cartafoles

8. Só unha das seguintes opcións se corresponde co significado correcto de "póla":

- A) Galiña
- B) Rama
- C) Pita
- D) Contracción da preposición por coa segunda forma do artigo la

9. As palabras "enriba" en "embaixo" son entre sí:

- A) Sinónimas
- B) Antónimas
- C) Homónimas
- D) Homófonas

10. O termo "daquela" é:

- A) Un substantivo común
- B) Un pronome persoal
- C) Unha conxugación do verbo dar
- D) Un adverbio de tempo

Preguntas de reserva

1. O conxunto de termos "nacer, medrar, envellecer" forman:

- A) Unha serie de adverbios
- B) Unha serie de sinónimos
- C) Unha familia léxica
- D) Un campo semántico

2. Cando leva acento gráfico a palabra "por"?

- A) Cando é preposición
- B) Cando é presente de indicativo do verbo poder
- C) Cando é infinitivo conxugado do verbo poñer
- D) Cando é pronome persoal